


PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN EVANXÉLICA

2018-2019



ÍNDICE:

<u>1.INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.....</u>	<u>2</u>
<u>2.OBXETIVOS DA E.R.E.....</u>	<u>4</u>
<u>3.AVALIACIÓN INICIAL.....</u>	<u>5</u>
<u>4.....</u>	<u>6</u>
• <u>OBXECTIVOS</u>	
• <u>CONTIDOS</u>	
• <u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</u>	
• <u>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</u>	
• <u>COMPETENCIAS CLAVE</u>	
• <u>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</u>	
• <u>CRITERIOS DE CORRECCIÓN</u>	
<u>5. TEMPORALIZACIÓN.....</u>	<u>17</u>
<u>6.APORTACIÓN DA RELIXIÓN EVANXÉLICA ÁS COMPETENCIAS CLAVE.....</u>	<u>18</u>
<u>7.INTELIXENCIAS MÚLTIPLES.....</u>	<u>21</u>
<u>8.METODOLOXÍA.....</u>	<u>22</u>
<u>9.ACTIVIDADES E RECURSOS.....</u>	<u>22</u>
<u>10.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN.....</u>	<u>24</u>
<u>11.CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ADQUIRIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA..</u>	<u>24</u>
<u>12.ATENCIÓN A DIVERSIDADE:.....</u>	<u>25</u>
<u>13.FOMENTO DO PLAN LECTOR E DAS TICS.....</u>	<u>26</u>

1.INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A formación relixiosa evanxélica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio do ensino relixioso a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte dende a infancia. Nesta idade, tan importante para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. O sentido transcendente da vida está enraizado no máis fondo do ser, e o neno pode recoñecelo, segundo os niveis de aprendizaxe propios de cada idade, nos símbolos e nos signos do seu medio, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, na cultura que se transmite na escola.

Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. O ensino relixioso pretende contribuír así á calidade da educación que preconiza a lei vixente, coa proposta e co desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo do ensino relixioso evanxélico.

O ensino relixioso evanxélico pretende achegar o neno ás claves principais da fe cristiá, axudarlle a descubrir esta experiencia no seu medio, e a que él mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá que se presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén ao desenvolvemento de destrezas e de habilidades que se exercitan nos tres ámbitos de experiencia enunciados. Para iso, este currículo válese dos elementos cristiáns presentes no medio do alumno, da linguaxe e doutros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa axeitada a cada idade.

Se calquera programación ten un carácter aberto en canto ao seu posterior desenvolvemento no aula; as circunstancias concretas que rodean a programación desta materia, fan que nos atopemos cunha programación moito máis aberta do que nos gustaría.

Por esta razón, e tendo en conta que coñecemos os alumnos, este curso volveremos expor as mesmas unidades para todo o alumnado, centrándonos nos temas que non traballamos durante o curso pasado, e adaptándonos, en todo momento, ao nivel psicoevolutivo dos alumnos.

Atopámonos, nesta programación, cunha formulación moi xeral das diferentes unidades que se tratarán en todos os niveis. Unha formulación que se axustará ás necesidades de cada grupo unha vez que a docencia comece facendo as pertinentes regulacións ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Queremos sinalar finalmente (aínda que nos referiremos de novo a isto no apartado da metodoloxía) que dependendo dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas en cada nivel, e baseándonos nos principios constructivistas verbo da educación, partiremos dos seus coñecementos para construír os novos.

A temporalización será flexible, xa que se nalgunha das unidades, pola razón que sexa non nos da tempo a rematar, ampliaríamos o tempo; sempre tendo en conta as necesidades e o desenvolvemento do alumnado.

2. OBJECTIVOS DA E.R.E

- Tomar conciencia da existencia de Deus. O ser supremo que está interesado en cada ser humano de fora persoal.
- Apreciar a Biblia como o libro por medio do que Deus revela ó ser humano a súa vontade e propósitos para a humanidade.
- Coñecer a persoa de Xesucristo, a súa vida, a súa obra e a súa mensaxe de salvación, de modo que esperte o seu entusiasmo e interese por identificarse con él a través da súa experiencia diaria.

- Valorala vivencia das primeiras comunidades cristiás como modelo de expresión do amor fraterno e a convivencia da familia da fe, a través da presentación de diferentes historias bíblicas onde se ve a fidelidade e o amor de Deus cara ao seu pobo Israel.
- Coñecer e valorar o seu corpo, creado por Deus, adoptando una actitude responsable. Aprender a usalo como instrumento de comunicación e realción adecuado cos demais seres humáns.
- Identificar as orixes da liberdade e dignidade das persoas nas relación cos seus semellantes, como seres creados por Deus.
- Analizalas actitudes e valores dos personaxes bíblicos, empregando a información transmitida pola Biblia para facer o seu propio sistema de valores.
- Respetar e valorar o entorno natural coma creación e manifestación do poder e o amor de Deus.
- Comprender e producir mensaxes que expresen a súa relación con Deus empregando a linguaxe oral e escrita, así coma outros medios de expresión corporal, plástica e musical.

3. AVALIACIÓN INICIAL

-Coñecementos básicos da orixe da Biblia.

-Búsqueda de citas Bíblicas.

-Versículos claves sobre a Salvación.

- A mensaxe principal da Biblia.
- O motivo polo cal foi necesario un Salvador.
- Xesús : Algunhas milagres e a súa morte.
- Personaxes destacados do Antigo Testamento.
- Personaxes destacados do Novo Testamento.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CORRECCIÓN
1. Tomar conciencia da existencia de Deus. O ser supremo que está interesado en cada ser humano de forma persoal.	<p>-A composición do Antigo Testamento. Resumo esquemático e canon.</p> <p>-A composición do Novo Testamento. Resumo esquemático e canon.</p> <p>-O concepto de revelación e de inspiración e propósito da Biblia.</p>	<p>-Coñecer a estrutura do Antigo y Novo Testamento e identificar os autores polo libro e ser capaz de resumir brevemente a historia bíblica.</p> <p>-Extraer e elaborar información relacionada coa inspiración, revelación, canon e propósito da Palabra de Deus.</p>	<p>-Recoñece a estrutura e composición do Antigo e Novo Testamento .</p> <p>-Localiza os libros da Biblia con axilidade e mostra capacidade para manexar a Biblia con autonomía.</p> <p>-Memoriza versículos clave sobre o valor da Biblia e a súa importancia para a vida do Cristián explicando os seus significados .</p> <p>-Busca, selecciona e interpreta</p>	<p>- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p> <p>-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>-Conciencia e expresións culturais.</p> <p>- Competencia dixital</p>	<p>- Realización de probas obxetivas orais e escritas.</p> <p>- Control do caderno</p> <p>- Produccións escritas e plásticas.</p> <p>- Comportamento e actitude.</p>	<p>- 25 %</p> <p>- 25 %</p> <p>- 25 %</p> <p>- 25%</p>

		<p>Identificar, analizar e valorar diversos textos bíblicos que presentan a Biblia como o medio polo cal Deus se revela e fala ao ser humano.</p>	<p>información sobre a inspiración, revelación, e canon da Biblia, a partir de diversas fontes.</p> <p>-Transmite información seleccionada de xeito preciso empregando diversos soportes.</p> <p>-Emprega a información de xeito teolóxico da Biblia para formarse a súa propia opinión e argumentar sobre problemas relacionados.</p> <p>-Reflexiona sobre as razóns polas cales Deus revélase ao ser humano.</p> <p>-Explica o proceso seguido para o establecemento do canon do Novo Testamento para comprender a composición da Biblia.</p>	<p>- Comunicación Lingüística</p> <p>-Aprender a aprender.</p> <p>- Comunicación Lingüística.</p> <p>-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>- Comunicación Lingüística.</p> <p>-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>		
--	--	---	---	--	--	--

			<ul style="list-style-type: none"> -Identifica as ideas principais sobre a Biblia como medio polo cal Deus revélase e fala o ser humano. -Recoñece pasaxes bíblicas onde se observa coma Deus fala a distintas persoas describindo as características xerais de cada situación. -Extrae ensinanzas do texto Bíblico e as aplica a vida diaria. -Investiga o propósito da Biblia coma revelación do amor de Deus e do plan de salvación para o ser humano. 	Aprender a aprender.		
<p>2. Aprecia a Biblia como o libro por medio do que Deus revela o ser humano a súa vontade e propósitos para</p>	<p>Adán e Eva: desobediencia e separación de Deus.</p> <p>A promesa dun Salvador.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Investigar os principais sucesos na historia bíblica desde Adán ata Xosé elaborando a información recollida. 	<ul style="list-style-type: none"> - Estudia o relato da creación e desobediencia do ser humano relacionándoo coa súa importancia para a humanidade. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación lingüística. - Competencias sociais e 	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de probas obxetivas orais e escritas. - Control do caderno - Producións escritas e 	<ul style="list-style-type: none"> - 25 % - 25 % - 25 % - 25%

<p>humanidade</p>	<p>Noé e o Diluvio: A obediencia dun home.</p> <p>A Torre de Babel: un camino equivocado.</p> <p>Abraham: O pacto con Deus e a confirmación da promesa dun Salvador.</p> <p>Isaac, Jacob, Xosé.</p>	<p>- Analizar as implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade.</p>	<p>- Discrimina en Xénesis a promesa dun Salvador explicando o sentido do texto coas súas palabras.</p> <p>- Identifica os feitos do libro do Génesis relativos a salvación para encuadralos dentro do plan de Deus para redimir a humanidade</p> <p>- Identifica e contrasta, a partir do relato bíblico, a obediencia de Noé respecto de Deus col comportamento dos seus contemporáneos.</p> <p>- Observa e estuda o relato da historia de Babel e outras historias analizando distintas actitudes e esforzos humanos de querer vivir sen Deus.</p> <p>- Identifica as personaxes bíblicos claves nesta etapa ordenándoos cronolóxicamente</p>	<p>cívicas.</p> <p>- Comunicación lingüística.</p> <p>- Comunicación lingüística.</p> <p>- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>- Aprender a aprender.</p> <p>- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e</p>	<p>plásticas.</p> <p>- Comportamento e actitude</p>	
-------------------	---	---	--	---	---	--

			<p>mente entendendo a importancia da súa contribución a historia da salvación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Analiza a partires da pasaxe de Génesis cal foi a orixe do pecado explicando as súas consecuencias inmediatas e posteriores. - Explica a orixe da historia da salvación axúdase de tablas, gráficos, resúmenes. - Valora e debate na clase acerca da fidelidade de Deus no relato da historia de Noé. - Identifica a promesa de Deus de bendecir a todas as nación a través dla descendencia de Abraham leyendo y analizando os textos bíblicos que fan referencia a isto. - Analiza as implicacións que teñen os 	<p>tecnoloxía.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Competencias sociais e cívicas. -Aprender a aprender. -Aprender a aprender. 		
--	--	--	--	--	--	--

			feitos principais do inicio da historia do pobo de Israel no plan de salvación de Deus asociándoos coas suas causas.			
<p>3. Coñece a persoa de Xesus Cristo, a súa vida, a súa obra e a súa mensaxe de salvación, de modo que esperte o seu entusiasmo e interese por identificarse con él a través da súa experiencia diaria.</p>	<p>Vida de Xesús: Nacemento e infancia de Xesús. Desenvolvemento da súa labor ministerial.</p> <p>A figura de Xesús: Deus e home. Xesús: exemplo de vida. Xesús: boas novas de salvación.</p>	<p>-Identificar e ordenar cronolóxicamente as etapas de nacemento, crecemento e primeiros anos do ministerio de Xesús, que relatan os evanxeos.</p> <p>-Obter e analizar información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, empregando a Biblia coma fonte.</p> <p>-Explicar a figura de</p>	<p>- Recoñece e ordea cronolóxicamente as etapas da vida de Xesús ubicándoas nunha liña do tempo, tabla o gráfico entendendo a importancia e valor de cada unha delas.</p> <p>- Busca, selecciona e organiza información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, a analiza, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e o comunica oralmente o por escrito.</p> <p>-Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación</p>	<p>- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p> <p>- Competencias sociais e cívicas.</p> <p>- Comunicación lingüística</p> <p>- Comunicación lingüística.</p> <p>-Aprender a aprender.</p>	<p>- Realización de probas obxetivas orais e escritas.</p> <p>- Control do caderno</p> <p>- Producións escritas e plásticas.</p> <p>- Comportamento e actitude.</p>	<p>- 25 %</p> <p>- 25 %</p> <p>- 25 %</p> <p>- 25%</p>

		<p>Xesús, analizando a súa divinidad e humanidade, así coma o seu exemplo de vida.</p> <p>- Valorar as boas novas de salvación analizando textos bíblicos.</p>	<p>n para elaborar traballos acerca da vida de Xesús</p> <p>- Analiza informacións relacionadas coa vida de Xesús manexando mapas, resúmes e as tecnoloxías da información e a comunicación.</p> <p>- Relaciona e distingue explicando coas súas palabras a divinidad e humanidade de Xesús analizando diversos textos bíblicos.</p> <p>- Observa, analiza e explica a primeira etapa da vida de Xesús, nomenando algúns exemplos máis relevantes da súa conduta e actitudes.</p> <p>- Valora, partindo da análise de diversos textos bíblicos, as</p>	<p>-Aprender a aprender.</p> <p>- Comunicación lingüística.</p> <p>-Sentido de iniciativa e emprendedor.</p> <p>-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>		
--	--	--	--	--	--	--

<p>Deus.</p>	<p>O ser humano</p>	<p>Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e aprender e expresar contidos sobre a historia de cristianismo primitivo.</p> <p>Participar en diálogos e debates sobre os cambios producidos polo cristianismo nos distintos ámbitos da sociedade antiga e actual.</p>	<p>coas súas palabras.</p> <p>Analiza e valora as repercusións da vinda e acción do Espírito Santo. Explica e valora accións que reflexan a conduta dos primeiros cristiáns</p> <p>Coñece en qué consistiu el concilio de Xerusalén, analizando os antecedentes históricos e as súas consecuencias prácticas.</p> <p>Observa e explica os pasos iniciais na extensión do evanxeo as nacións lendo o libro de Hechos de los Apóstoles. Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo e en mapas, cos principais feitos históricos desde a orixe da igrexa ata o final do ministerio de Pablo.</p>	<p>iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>-Aprender a aprender.</p> <p>- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p> <p>- Comunicación Lingüística.</p> <p>- Competencias sociais e cívicas.</p> <p>-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>		<p>- 25 %</p> <p>- 25 %</p> <p>- 25 %</p>
--------------	---------------------	--	---	--	--	---

<p>6. To mar conciencia da existencia de Deus. O ser supremo que está interesado en cada ser humano de fora persoal.</p> <p>7. Ana lizalas actitudes e valores dos personaxes bíblicos, empregando a información transmitida pola Biblia para facer o seu propio sistema de valores.</p>	<p>coma creación de Deus.</p> <p>A imaxe de Deus no ser humano.</p> <p>A dignidade de todas as persoas.</p> <p>O valor da vida e o amor de Deus por toda a humanidade.</p>	<p>. Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que mostran que o ser humano foi creado a imaxe de Deus.</p> <p>Identificar e localizar nas pasaxes bíblicas, exemplos de condutas, actitudes e valores que reflexan o que significa ter unha relación persoal con Deus.</p> <p>Explicar o amor de Deus pola humanidade e por cada individuo en particular, analizando as implicacións.</p>	<p>Emprega bibliografía variada para conseguir información sobre a obra misionera de Pablo y elaborar traballos e/o tarefas específicas.</p> <p>Explica aspectos relacionados coa forma de vida, expansión e influencia da igrexa na etapa estudiada. Explica, a luz do Novo Testamento, a responsabilidade colectiva dos cristiáns na transmisión do Evanxeo de Xesús.</p> <p>Mostra tolerancia, respecto e valoración crítica de formas de vida, creencias, sociedades y culturas distintas a propia, desde unha perspectiva bíblica e histórica.</p> <p>Emprega a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios</p>	<p>- Competencias sociais e cívicas.</p> <p>- Competencia Dixital.</p> <p>- Comunicación lingüística.</p> <p>-Aprender a aprender.</p> <p>-Aprender a aprender.</p> <p>-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>	<p>- Realización de probas obxectivas orais e escritas.</p> <p>- Control do caderno</p> <p>- Produccións escritas e plásticas.</p> <p>- Comportamento e actitude.</p>	<p>- 25%</p>
--	--	---	---	---	---	--------------

			<p>informáticos, esquemas explicando cómo se viu afectada polo cristianismo a sociedade antiga e actual.</p> <p>- Explica bíblicamente a natureza do ser humán: corpo, alma e espírito. - Reflexiona sobre a imaxe de Deus na que o ser humán creado como home e muller. - Explica accións que reflexan diferentes aspectos da imaxen de Deus na persoa: espiritualidade, entendemento, vontade, autoridade, responsabilidade, etc. - Analiza algunha produción artística (plástica, literaria ou musical), elaborada por eles mesmos o por outras persoas, identificando característica</p>	<p>- Comunicación lingüística.</p> <p>- Competencias sociais e cívicas.</p> <p>- Competencias sociais e cívicas.</p> <p>- Competencias sociais e cívicas.</p> <p>- Comunicación lingüística.</p> <p>- Competencias sociais e cívicas.</p>		
--	--	--	--	---	--	--

			<p>s que denoten orixinalidade e creatividade.</p> <ul style="list-style-type: none">- Dialoga sobre a relación que hai entre a capacidade creadora de Deus e a capacidade creadora do ser humano.- Debate sobre a vida como sagrada e importante xustificándoo bíblicamente.- Analiza desde a perspectiva bíblica a dignidad de todas as persoas, explicando as súas implicacións prácticas.- Medita e explica a responsabilidade persoal e as consecuencias das decisións e condutas que adopta na vida.- Resume e explica, de modo oral o por escrito, relatos do evanxeo que manifestan a dignidade de toda persoa según as			
--	--	--	---	--	--	--

			palabras e feitos de Xesús. - escoita e respeta as ideas dos outros. -Mostra, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto hacia a dignidad e liberdade humana.			
--	--	--	---	--	--	--

5. TEMPORALIZACIÓN

TEMPORALIZACIÓN	CONTIDOS
PRIMEIRO TRIMESTRE	Unidade 1: A ORIXE DA BIBLIA 4 sesións Unidade 2: O POBO DE ISRAEL 6 sesións Unidades 3: A NAVIDADE 2 sesións
SEGUNDO TRIMESTRE	XESUCRISTO (único mediador e exemplo a seguir) e os seus amigos 8 sesións A PASCUA 4 sesións
TERCEIRO TRIMESTRE	AS CARTAS DE PABLO : 8 sesións

6.APORTACIÓN DA RELIXIÓN EVANXÉLICA ÁS COMPETENCIAS CLAVE

- **Competencia en Lingüística.**

Non existe relixión sen relación; relación comunicativa que é o que caracteriza esencialmente ao ensino Relixioso.Os evanxélicos creemos que Deus revélase ao ser humano, basicamente mediante a palabra escrita (A Biblia) por esa razón dámoslle unha especial importancia ás capacidades de lecto-escritura.

Se consideramos a Biblia como o noso “libro de texto” , partimos xa dun nivel non que non só a cccontribución da área á competencia en 5.comunicación está garantida, senón que será o seu expoñente fundamental.

Na nosa área empregaranse distintas linguaxes tanto na expresión verbal como escrita.

- **Competencia social e cívica (cidadá)**

A base do ensino relixioso evanxélico é a relación que Deus quere que teñamos con Él e cos demais (Amarás ao teu próximo como a ti mesmo, facede ós demais como vos gustaría que eles fixeran convosco.

O ensino relixioso evanxélico contribúe a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno.

Valores como a responsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza, do mesmo xeito que o respecto ás autoridades, xa sexan familiares, ou sociais... están sempre presentes.

- **Conciencia e expresións culturais.**

A Bbiblia, obxecto fundamental do noso estudo, explica a nosa cultura e a nosa historia. Sen un coñecemento básico da Biblia é difícil conseguir unha competencia cultural, uns coñecementos da arte e cultura.

O alumno non só vai coñecer, senón que poderá comprender e asumir os valores que leva o coñecemento da Biblia na súa expresión artística, cultural,

teolóxica e vivencial. Perseguiamos que o alumno adquira unha valoración crítica da cultura á luz do evanxeo.

De igual modo o alumno pode expresarse artisticamente desde unha ampla gama de actividades que se expón dentro da materia.

- Competencia de Aprender a Aprender.

- O ensino Relixioso Evanxélico contribúe ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, fomentando capacidades como son o estudo bíblico autónomo, a investigación, o traballo en equipo, a síntese da información e opinión.
- “Mira que te mando que te esfuerces..” son palabras literais tomadas da propia Biblia (Xosué 1:9). Deus quere que os seus fillos se esforcen , así Él faraos prosperar, por iso, non hai prosperidades sen esforzo.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

O ensino relixioso evanxélico ten como obxectivo formar á persoa, subliñar a súa dignidade e o seu sentido.

Creemos e ensinamos que Deus é Creador, e as persoas, creadas ao seu xeito, somos por definición creadores e co-creadores con Deus. É dicir, a iniciativa persoal forma parte da propia natureza humana, polo que a nosa materia pretende potenciar este aspecto fundamental da personalidade.

- Competencia social e cívica.

A luz da Biblia o Ensino Relixioso Evanxélico contribue ao desenvolvemento da competencia social ecívica

A dimensión ética dos ensinamentos da Biblia contribúe a dar respostas e solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano co medio físico e consigo mesmo. Toda esta idea procede da máxima inicial da propia Biblia: todo o que existe foi creado por Deus “no principio creou Deus os ceos e a Terra”.

Búscase o respecto e conservación do mundo físico, porque este considérase unha creación directa de Deus. Se se ama a Deus, tamén se amará a súa obra, e toda a Creación é a súa obra.

Deus deu un traballo moi especial ao home: “multiplicádevos e señoreade sobre os peixes do mar, nas aves...” E o que señorea é o que cuida e protexe o que está ao seu cargo.

7. Competencia Matemática

Aínda que podamos pensar que as matemáticas non se traballan coa Relixión Evanxélica, non é certo, xa desde o ensino da creación os alumnos poden recoñecer os números naturais e ordinais.

Cando explicamos aos nenos o manexo da Biblia e como se buscan os capítulos e versículos contribuímos a reforzar a aprendizaxe e recoñecemento dos números.

Na Biblia os números son moi importantes para buscar as citas bíblicas, teñen valores simbólicos , para calcular datas dos sucesos bíblicos...

8. Tratamento da información e competencia dixital.

No que se refire á competencia dixital. Os obxectivos da área inclúen ítems relacionados con esta capacidade, aínda que no apartado dos procedementos e na propia metodoloxía da área trabállase por conseguir devandita competencia, tanto desde o punto de vista do mero usuario que usa as distintas tecnoloxías informáticas, como ao propio nivel de creación e desenvolvemento por parte dos alumnos de pequenas “aplicacións” informáticas.

E por suposto o saber seleccionar a información oportuna e adecuada cando se investiga calquera tema xa sexa bíblico xa sexa relacionado coa actualidade.

Ademáis do dito ata agora, a Ensinanza Relixiosa Evanxélica debe desenvolver nos alumn@s unha competencia específica que podemos chamar “**Conciencia e expresión cristiá**” que supera os ámbitos competenciais descritos que comparte co resto das

asignaturas da Educación Primaria. Implica a apertura do nen@ ao divino, a aprendizaxe de valores propios do cristianismo e a adopción de actitudes e condutas propias da fe evanxélica a que este currículo da resposta. Neste sentido explícito, o desenvolvemento desta competencia implica que os alumnos valoran, miden, aprecian, interiorizan e comunican entre outras habilidades, a mensaxe e a práctica cristiá.

Este desenvolvemento non se fai ao marxe do resto das competencias, se non de xeito integrado e relacionado con elas posto que o desenvolvemento do nen@ de unha cosmovisión bíblica, implica que afecta as súas habilidades de comunicación, a súa actuación co entorno, a súa expresión cultural ou a súa competencia social e cívica. Trátase de poñer ao alumn@ no contexto da Ensinanza Religiosa Evanxélica en situacións nas que teña que elaborar a súa opción persoal, en conciencia e libremente, desde os presupostos expresados nos elementos do currículo. Conlleva a estimulación de todas as capacidades que se pretenden desenvolver nesta etapa.

7.INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

A teoría das Intelixencias múltiples surtiu no ano 1993 grazas á investigación do psicólogo estadounidense Howard Gardner. Esta teoría parte da idea de que non existe unha intelixencia unitaria se non que hai que entenderla coma un conxunto de varias intelixencias que son distintas e independentes.

Gardner parte dun concepto de intelixencia na que o importante non é a acumulación dos saberes, se non a capacidade de resolver problemas e de elaborar produtos que sexan válidos culturalmente falando.

Coma docentes debemos ser grandes observadores co fin de descubrir as intelixencias predominantes nos nosos alumn@s para así potencialas tendo coidado cos puntos débiles.

Debemos crear situacións que traballen todas as intelixencias, para ello é bo coñecerlas e ser conscientes de que a intelixencia non é algo estático e que só implica o coñecemento de certos saberes.

As intelixencias das que estamos falando son as seguintes:

- **Intelixencia Intrapersoal**, que fai referencia ós pensamentos, os sentimentos, a auto reflexión e a auto percepción.
- **Intelixencia Interpersoal**, que fai referencia as relacións cos demais, grupales.
- **Intelixencia Lingüístico-verbal**, que fai referencia a construción de significados e as funcións da linguaxe.
- **Intelixencia Lógico-matemática**, que fai referencia a resolución de problemas, as deducións e as argumentacións.
- **Intelixencia Espacial**, que fai referencia os sistemas simbólicos e as transformacións.

8.METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos que se seguirán na asignatura serán próximos a unha concepción constructivista. Promoveremos e facilitaremos a construción de aprendizaxes significativos programando actividades que teñan como base a organización do coñecemento existente no alumno e alumna para que posibiliten a reelaboración da súa experiencia e a construción dos novos coñecementos.

Algúns dos principios básicos que consideraremos son os seguintes:.

Os principios metodolóxicos serán os seguintes:

- Modelo discursivo/expositivo.
- Modelo experiencial.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

Para elo levaranse a cabo os seguintes principios metodolóxicos:

- Actividades de experimentación.

- Participación.
- Motivación.

9.ACTIVIDADES E RECURSOS:

Todas as actividades que se van a realizar durante o curso están relacionadas cos temas que se van traballar e están axeitadas ás capacidades dos alumnos, dependendo do ciclo no que se atopan realizaran unhas ou outras dependendo da dificultade da actividade.

- Comentar as diferentes viñetas que aparecen nos temas
- escoitar cancións
- Inventar pequenas historias
- Facer murais , collage, cómics ,slogans,...
- Lecturas de relatos bíblicos
- Visionar películas e dialogar sobre elas
- Traballos de papiroflexia
- Aprender e recitar textos bíblicos
- Quebracabezas e crucigramas
- Traballos individuais e en grupo
- Saber buscar citas na Biblia: concursos

Recursos humanos:

O mestre na aula con exposicións, proposta de actividades, atención individualizada...

Recursos materiais:

- .Música e cancións.
- .Cartolinas.
- .Fanelógrafo.
- .Lapbook.
- .Medios Audiovisuais (vídeo, televisión, DVD, ordenadores...)
- .Libros de Consulta (Concordancias, Atlas, Comentarios Bíblicos, Diccionarios Bíblicos...)

.Materiais varios de manualidades (tesoiras, lapis de cores, témperas, pegamento, cola...).

.Materiais de reciclaxe (revistas, periódicos, follas, tecidos...)

O libro de texto que utilizarán os alumnos e alumnas será a Biblia, que servirá de guía ó mestre. Empregaranse os materiais adecuados para o desenvolvemento de cada unha das Unidades Didácticas pertencentes as diferentes editoriais do campo evanxélico e secular.

10. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CORRECCIÓN
- Realización de probas obxetivas orais e escritas.	25% da nota
- Control do caderno	25 % da nota
- Producións escritas e plásticas.	25 % da nota
- Comportamento e actitude	25 % da nota

11. CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ADQUIRIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

Educación Secundaria:

- Coñecer a importancia da Biblia nas nosas vidas: A Biblia é a Palavra de Deus.
- Coñecer a estrutura do Novo Testamento .
- Explicar o concepto de revelación e de inspiración e o propósito da Biblia.
- Identificar, analizar e valorar diversos textos bíblicos que presentan a Biblia coma o medio polo cal Deus se revela e fala ao ser humano.
- Explicar as Boas Novas e describir algunhas mirages de Xesús.
- Saber os feitos principais da vida de Xesús.

- Saber a orixe e extensión da Igrexa.

12.ATENCIÓN A DIVERSIDADE:

Emplearemos distintas estratexias para atender a diversidade do alumnado, adaptando tamén a **metodoloxía** en función das características dos alumnos e alumnas.

Intentamos prever distintas situación de aprendizaxe para poder alcanzalos obxectivos previstos, reformulando tarefas de ensinanza-aprendizaxe sempre que sexa necesario para lograr a súa comprensión, proporcionando aclaracións, explicacións complementarias, demostracións e exemplos que nos permitan chegar o máximo grado posible de axuste entre as características dos alumnos e alumnas e a natureza das actividades de aprendizaxe.

A organización dos contidos a través dos proxectos e unidades didácticas permite a programación de tarefas con distintos niveis de dificultade e axustados as súas ideas previas.

Ainda que os obxectivos de aprendizaxe son os mesmos para tódolos alumnos, as axudas para conseguilos son diferentes e diferenciadas. Contemplaremos, pois, axudas a partir de:

*Niveis diferentes nas tarefas a realizar sobre un mesmo tema despois de que o mestre faga unha introducción común.

*Métodos diferentes ós empregados para un gran grupo, que aplicamos a pequenos grupos ou individualmente na aprendizaxe dalgún tema.

*Uso de materiais distintos na presentación do traballo para que tódolos alumnos e alumnas poidan implicarse segundo as súas posibilidades e o dominio que teñan das distintas formas de expresión.

*Distintas formas de agrupamento que facilitan as interaccións entre compañeiros.

*Procuraremos coñecer e analizar a forma de actuar dos alumnos e alumnas para adecuar a acción educativa as súas necesidades coa finalidade de que consolide significativa e funcionalmente o seu aprendizaxe.

13.FOMENTO DO PLAN LECTOR E DAS TICS

Conscientes da importancia da lectura e da necesidade de fomentala e reforzala, adicaremos nesta materia un tempo en cada sesión , ademais do tempo de lectura diario nos que lemos todos no centro, para que os alumnos teñan unha actitude positiva cara á lectura e para que os alumnos disfruten cos libros e desenvolvan as capacidades necesarias para utilizar as fontes de documentación escrita.

Na clase temos unha biblioteca de aula con libros cristiáns e cada alumn@ terá un libro asignado que lerá na clase . Leremos artigos da Revista Protestante Dixital na web, da páxina de portas Abertas (cristiáns perseguidos) e do libro Cambia de Ritmo (Deportistas).

ACCIÓN PREVISTA DE ACORDO CO PLAN DE FOMENTO DAS TICS

Nesta materia empregaremos as Tics para repasar conceptos adquiridos a través de xogos que hai en distintas webs e para mostrar as imaxes das leccións da BIBLIA que van aprendendo. Os alumn@s investigarán sobre os primeiros cristiáns no mundo: onde vivían, como vivían, en que cidades... tamén estudiarán a A orixe do cristianismo e empregarán as TICS para adquirir coñecementos sobre xeografía, xa que buscaremos os países onde naceu o cristianismo, como se estendeu e aqueles onde hoxe en día os cristiáns son perseguidos polas suas crenzas.